

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de marzo de 2022**

Ás 18.00 horas do día 17 de marzo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamatino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de febreiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 17 de febreiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que saíu na prensa que os trofeos do extinto Club de Fútbol de Ourense están acumulados nunha sala do Estadio do Couto e agora se está a falar de situalos, por parte da Deputación Provincial, ou nunha sala da propia Deputación ou ben crear unha sala no Estadio do Couto. O que pregunta é se se sabe xa onde se van colocar estes trofeos e se a reunión, que se ía ter entre a Deputación e os antigos ex-xogadores, xa se realizou, e como está a situación.

A **presidenta da Comisión** di que se lle contestará no seguinte Pleno ou cando se teña acadada a documentación que solicitan.

D. Bernardo Varela López, do BNG, en relación co Mosteiro de San Pedro de Rocas, debido ao ruído mediático que hai e a preocupación de certos colectivos, di que unha solución para dilucidar ata onde é real ese impacto e se houbera lugar a calquera rectificación que fóra precisa é a Comisión de Patrimonio que se creou nesta Deputación Provincial o mes pasado, que sería un bo espazo para que se falaran as cousas sosegadamente e que se dera a posibilidade tanto dos técnicos que están a apoiar estas teses de que se está cometendo un atropelo a un espazo tan singular como é San Pedro de Rocas, como dos técnicos do ICOMOS e dos que están facendo o seguimento desa actuación, para que puideran, dentro dun ámbito máis sosegado, dentro dun foro de debate de conclusións máis acaído, levar adiante unha proposta na cal, fóra de propostas maximalistas, se puidera visualizar cal é a realidade deste proxecto, e sería moi edificante pois sería entre técnicos, entre persoas entendidas no mundo da arqueoloxía e persoas entendidas no mundo do medio ambiente respecto á posible actuación sobre as árbores daquel contorno, polo que quere facer un rogo no senso de que se xerara este espazo de encontro onde sería fundamental escoitar tanto aos técnicos que apoian as teses da Fundación Moreiras como aos técnicos que están a facer o seguimento por parte da Deputación Provincial ou doutras administracións, Medio Ambiente, Confederación Hidrográfica e tamén de ICOMOS, pois hai un informe e é unha entidade con prestixio e sería importante que puideran trasladar esas valoracións técnicas respecto desa actuación. E tamén lle gustaría que dentro desa Comisión de Patrimonio se valorara a actuación que se fixo dentro do contorno do Mosteiro de Oseira, xa que despois de ler o

proxecto que se licitou por parte da Xunta de Galicia que está colgado na páxina web non atopou o informe patrimonial que sustentara esa actuación e aí non lle cabe a menor dúbida de que, a un nivel lego en materia patrimonial, hai un atentado a un espazo tan singular como é o Mosteiro de Oseira, e rogaría que se lle solicitase á Xunta de Galicia, dentro desa Comisión de Patrimonio, a documentación da obra do albergue a carón do Mosteiro de Oseira e se esa é unha actuación correcta nese contorno.

A **presidenta da Comisión** di que o presidente da Comisión de Patrimonio, presente nesta comisión, recolle o rogo e tramitará o que corresponda neste caso.

E, ás dezaioito horas e nove minutos, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.